



Dirección de Ingresos

INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO DO PRESUPOSTO DE INGRESOS ANO 2014

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2014:

I.- BASES DE CALCULO

Para o cálculo dos ingresos previstos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2012 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución das previsións de ingresos aprobadas no presuposto de 2013.
- 3.- Unha estimación de ingresos para o ano 2014 baseada únicamente na situación económica xeral, toda vez que, os tipos impositivos vixentes no ano 2013 non sufrieron variacións.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por actuacións da Inspección de Tributos: tanto polo procedemento típico de Inspección como por actuacións de comprobación abreviada dos Servizos de Xestión Tributaria e Catastral.
- 5.- Datos relativos a altas catastrais obtidos na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos e fondo complementario de financiación segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda.



Dirección de Ingresos

II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descripción	Total por Aplicacións
Operacións Correntes		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	102.241.340,00 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	6.501.120,00 €
III	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	35.251.477,40 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	71.116.818,09 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	3.180.000,00 €
Total ingresos por operacións Correntes non financeiras		218.290.755,49 €
0,00 €		
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
Total ingresos por operacións de capital non financeiras		0,00 €
Total ingresos por operacións non financeiras		218.290.755,49 €
VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	600.000,00 €
IX	PASIVOS FINANCIEROS	6.800.000,00 €
Total ingresos por operacións de capital financeiras		7.400.000,00 €
Total Operacións de Capital		7.400.000,00 €
TOTAL XERALDE INGRESOS		225.690.755,49 €

ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2013-2014 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo	Importe 2014	Importe 2013	+/- vari.%
1 Impostos directos	102.241.340,00 €	101.703.710,00 €	0,53
2 Impostos indirectos	6.501.120,00 €	6.749.060,00 €	-3,67
3 Taxas, prezos Públicos e outros ingresos	35.251.477,40 €	35.051.477,40 €	0,57
4 Transferencias correntes	71.116.818,09 €	70.165.126,75 €	1,36
5 Ingresos patrimoniais	3.180.000,00 €	2.680.000,00 €	18,66
7 Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	0,00
8 Activos financeiros	600.000,00 €	600.000,00 €	0,00
9 Pasivos financeiros	6.800.000,00 €	9.100.000,00 €	-25,27
Total	225.690.755,49 €	226.049.374,15 €	-0,16

Do importe total do presupuesto de ingresos (**225.690.755,49€**) corresponden a operacións correntes (**218.290.755,49€**: capítulos I a V), un 96,72% e a operacións de capital (**7.400.000,00€**) un 3,28%.



CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 102.241.340,00 € e representa un 45,30% do total do presupuesto e un 46,84% do total de operacións correntes.

A previsión do importe da **cesión do IRPF** regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFFLL ascende a 5.040.640,00€ millóns de euros, supoñendo o 4,93% do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 2,31% do total do presupuesto e un 2,23% das operacións correntes.. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións do **Imposto sobre Bens Inmobilés de natureza urbana** para o ano 2014 ascenden a 61.500.000,00 euros e as previsións do **Imposto sobre Bens Inmobilés de características especiais (BICES)** ascenden a 2.250.000 euros

As previsións destas dúas partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 28,25% do total do presupuesto e un 29,20% das operacións correntes. Incrementéntase respecto das previsións aprobadas no presupuesto de 2013 nun 1,11% xustificado polo incremento de inmobles do Padrón Fiscal como resultado das actuacións de Inspección.

As previsións do Imposto sobre **Vehículos de Tracción Mecánica** para o ano 2014 ascenden a 15.600.000 euros e representan un 6,91% do total do presupuesto e un 7,15% das operacións correntes. Redúcese a previsión respecto ao ano anterior nun 1,89%, xustificada pola crecente substitución de vehículos de maior cilindrada por outros de menor potencia así como polo incremento das bonificacións do 75% da cota por adquisición de vehículos con emisións inferiores a 120 gr/Km de CO₂.

As previsións do Imposto sobre **Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana** para o ano 2014 ascenden a 4.350.000 euros e representan un 1,93% do total do presupuesto e un 1,99% das operacións correntes.

As previsións do **Imposto sobre Actividades Económicas** para o ano 2014 ascenden a 13.500.600 euros e representan un 5,98% do total do presupuesto e un 6,18% das operacións correntes cun incremento respecto do ano 2013 do 1,13%. Xustifícase este incremento, nos resultados do avance da liquidación de ingresos do ano 2013.

CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 6.501.120,00 € e representa un 2,88% do total do presupuesto e un 2,98% do total de operacións correntes.

A previsión do importe da **cesión do IVE** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFFLL ascende a 4.167.340 euros, supoñendo o 64,10% do total da imposición indirecta do Concello (Capítulo II). Supón un 1,85% do total do presupuesto e un 1,91% das operacións correntes. Resulta un descenso respecto da previsión do exercicio 2013 dun 3,30%. Esta



Dirección de Ingresos

partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da **cesión de Impostos sobre consumos específicos** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFFLL ascende a 1.333.680 euros, supoñendo o 20,51% do total da imposición indirecta do Concello (Capítulo II). Supón un 0,59% do total do presuposto e un 0,68% das operacións correntes. Rebaixa a previsión do 2013 nun 7,35%. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do **Imposto sobre Construcción Instalacións e Obras** para o ano 2014 ascende a 1.000.000 euros e representan un 0,44% do total do presuposto e un 0,46% das operacións correntes. Esta partida mantense en idéntica contía que no presuposto de 2013.

CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 35.251.477,40 € e representa un 15,62% do total do presuposto e un 16,15% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2014 supón **un incremento do 0,57%** respecto das previsións aprobadas no presuposto de ingresos de 2013.

As previsións da **Taxa de recollida do Lixo, comercial e vivendas** para o ano 2014 mantéñense na mesma contía que as formuladas para o ano anterior: 16.650.000 euros e representan un 7,38% do total do presuposto e un 7,63% das operacións correntes.

Neste capítulo son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o **1,5% dos ingresos brutos** obtidos polas mesmas no municipio: estímanse no importe de 2.960.000 os ingresos de empresas de electricidade, gas e auga e 1.300.000 os ingresos de empresas de telecomunicacións. Estes importes mantéñense na mesma contía que nas previsións de 2013.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 71.116.818,09 € e representa un 31,51% do total do presuposto e un 32,58% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2014 supón **un incremento do 1,36%** respecto das previsións aprobadas no presupuesto de **ingresos** de 2013.

A previsión da **Participación no Fondo complementario de Financiación do Estado** para o ano 2014 ascende a 59.885.743,65 euros e representa un 26,53% do total do presuposto



Dirección de Ingresos

e un 27,43% das operacións correntes. Esta partida xunto coas reseñadas anteriormente como Cesión de Tributos do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE), e as cifras que constan como previsión no presente presupuesto de 2014 nesas partidas corresponden ás facilitadas pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coa CCAA e EELL para a elaboración do presupuesto do ano 2013. Incrementábase esta partida de participación no fondo complementario nun 1,29% respecto do presupuesto de 2013.

A previsión do importe da **Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma** (PICA) ascende a 6.199.366,92 euros, permanecendo invariable respecto do ano 2013. Supón un 2,75% do Presuposto Total e un 2,84% das operacións correntes.

CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS

Importa este capítulo 3.180.000,00€, cifra que incrementa a previsión de 2013 nun 18,66% debido ao incremento na partida de xuros de depósitos entre outras. Representa un 1,41% do total do presupuesto e un 1,46% do total de operacións correntes.

CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Non figura ningunha previsión de Ingresos neste capítulo.

CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS

Importa este capítulo 600.000,00 € e representa un 0,27% do total do presupuesto e un 81,11% do total de operacións de capital.

CAPITULO IX.- PASIVOS FINANCIEROS

Importa este capítulo 6.800.000,00 €, cifra que minora a previsión do exercicio 2013 nun 25,27%. Representa un 3,01% do total do presupuesto e un 91,89% do total de operacións de capital.

MJM/mc



Abel Caballero Álvarez

Vigo, 31 de marzo de 2014
A Directora de Ingresos

Asdo.: M^a Jesús Magdalena Vila